sindicato labrego galego
comisións labregas

membro da:

Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa do SLG

08-03-2010

O monopolio da industria láctea ameaza a capacidade de negociación do sector produtor

O anuncio de preacordo de compra de PULEVA por parte de LACTALIS deixa patente a **tendencia á concentración do capital do sector industrial en cada vez menos mans, e inda por riba nas mans do capital francés, xa hexemónico no sector.**

Na Galiza cada vez temos menos industrias e máis grandes, estranxeiras, e con máis poder no sector para impoñer os seus criterios, sobor de todo de prezos á baixa, como levan facendo no último ano e medio.

Para o sector produtor non é nada bó que o sector industrial se concentre en mans da industria de capital de fóra, que pouco ou ningún interese teñen en manter un sector produtivo próspero para o noso país.

Pola contra, pra comezar a mudar a grave situación de crise que están a atravesar as explotacións leiteiras, **sería bó que o sector industrial se implicara en defender o tecido produtivo que inda fica na Galiza**, comezando a **pagar a materia prima** a prezos que permitan manter as explotacións e aos gandeiros e gandeiras nelas.

Tamén é curioso que dende as Administracións, facendo alarde dun absoluto liberalismo, se mire para outro lado, coma se isto non fose con elas. Mais é agora, en pleno debate de modificación da política leiteira, o momento de **defender un tecido industrial con capital galego e unha política de prezos dentro da UE na procura de garantir que, aparte de cubrir custos, remuneren a actividade de gandeiros e gandeiras**, mantendo e desenvolvendo deste xeito tanto o tecido industrial coma o produtivo.

Claro que esta actitude imprescindíbelmente tería que vir acompañada dunha **aposta política forte pola regulación dos mercados e o control das producións**, a fin de que as **prácticas monopolísticas que practican as industrias non segan a ser**

permitidas polas políticas agrarias e se establezan prezos mínimos que garantan o noso medio de vida.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do Sindicato Labrego Galego

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Xavier Gómez Santiso, Coordenador de Sectores Gandeiros no SLG

TLF: 660 215 335